



Sindicato de  
Traballadores da  
Administración de  
Xustiza

Sindicato independente específico  
**SOMOS DE XUSTIZA**

Contacta con nós:

A Coruña (Paco) **609.292.438**  
Ferrol (María) **658.615.515**  
Santiago (María José) **673.618.911**  
Pontevedra (Kike) **605.128.068**  
Vigo (Julián) **647.401.860**  
Lugo (José Luis) **649.778.142**  
Ourense (Conchi) **655.805.810**  
e-mail: [stajgalicia@gmail.com](mailto:stajgalicia@gmail.com)

Julián González Rodríguez, en calidade de Delegado Sindical do Sindicato de Traballadores da Administración de Xustiza (STAJ),

EXPÓN:

1.- Trala creación de catro novos xulgados en Galicia polo Real Decreto 902/2017, do 13 de outubro, publicado no BOE do día 16 de outubro de 2017, a Dirección Xeral de Xustiza, por resolución do 23 de novembro de 2017, convocou a provisión deses postos de traballo mediante comisión de servizo entre funcionarios dos corpos e escalas ao servizo da Administración de Xustiza con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- Despois de varias peticións feitas por STAJ, tanto de forma escrita como de palabra nas diversas reunións mantidas coa Dirección Xeral de Xustiza, sen que esta se pronunciase ao respecto, e a poucos días da entrada en funcionamento dos órganos de nova creación, **desde STAJ voltamos a reiterar que entendemos que as prazas que non sean ocupadas polo sistema de comisión de servizo deben ser ofertadas a funcionarios titulares para a súa cobertura mediante o sistema de substitución**, e as que finalmente non resulten ocupadas nin por Comisión de Servizo nin por Substitución deberanse cubrir mediante persoal interino, todo isto ata que se oferten no próximo concurso de traslados e sexan adxudicadas de forma definitiva.

3.- A Resolución do 7 de maio de 2008, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se regulan as substitucións entre funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia, establece claramente as prazas que poden ser ocupadas por funcionarios de carreira mediante o sistema de substitución, no seu artigo primeiro di "*... cando estes postos se atopan vacantes ou cuxo titular estea ausente en períodos de longa duración como permisos, licenzas, **comisión de servizos**, ..."*





Sindicato de  
Traballadores da  
Administración de  
Xustiza

Sindicato independente específico  
**SOMOS DE XUSTIZA**

Contacta con nós:

A Coruña (Paco) **609.292.438**  
Ferrol (María) **658.615.515**  
Santiago (María José) **673.618.911**  
Pontevedra (Kike) **605.128.068**  
Vigo (Julián) **647.401.860**  
Lugo (José Luis) **649.778.142**  
Ourense (Conchi) **655.805.810**  
e-mail: [stajgalicia@gmail.com](mailto:stajgalicia@gmail.com)

4.- Conforme ao establecido na Resolución mencionada, e **respecto ás prazas que resulten desocupadas porque os seus titulares sexan adscritos a unha dos Xulgados de nova creación en comisións de servizo entendemos igualmente que deben ser ofertadas para a súa cobertura primeiro a funcionarios de carreira mediante o sistema de substitución**, xa vimos que a norma autonómica mencionada determina as comisións de servizo de forma directa como unha das situacións na que se cubrirá por este sistema.

As prazas que non resulten ocupadas neste caso por Substitución deberán ser cubertas por personal interino.

Visto o anterior e en base ao exposto SOLICITAMOS:

- Que as prazas dos Xulgados de nova creación que no resulten ocupadas por funcionarios mediante o sistema de comisión de servizo sexan cubertas mediante a súa oferta a funcionarios de carreira polo sistema de Substitucións entre titulares, e por último se non son ocupadas nesta forma se faga por funcionario interino.
- Que as prazas que deixen desocupadas os funcionarios aos que se lle adxudique unha praza de nova creación polo sistema de Comisión de Servizo sexan cubertas mediante a súa oferta para Substitucións entre titulares, e se non se cubren por substitución se faga mediante funcionario interino.

En Vigo a 12 de Xaneiro de 2018

Sindicato de Traballadores de  
la Administración de Justicia

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA  
SUBDIRECCIÓN XERAL DE PERSOAL  
Rúa Madrid, 2-4, 2º piso – Fontiñas  
15781 Santiago de Compostela.-



## Recibo de presentación

### Datos de la oficina de registro origen

Oficina de registro: Q54600 - RGTO. DELEGACION VIGO  
Dirección: LALIN, 2 - 36209 VIGO

### Organismo de destino

Organismo: A12010201 - Presidencia de la Xunta de Galicia

### Datos del asiento registral

Número de asiento registral: RGE000934882018  
Fecha: 12-01-2018  
Hora: 13:36:31  
Vía de entrada: Presencial

### Datos del trámite

**Asunto:** PLAZAS COMISION SERVICIO

### Datos del interesado declarado en la presentación

NIF: 11959417S  
Nombre / Razón social: GONZALEZ RODRIGUEZ JULIAN

### Documentación anexada

	Descripción	Tipo	Tamaño (bytes)	Huella electrónica (SHA-1)	Código seguro de verificación (CSV)
1	PLAZAS COMISION SERVICIO	200 - Otros documentos	78217	03E94CB5CB58E272 5EF12E28903C06C4 5871D08A	D6SJU4S4AREM 54BL

Recibo acreditativo de presentación en la fecha indicada en este documento, de acuerdo al artículo 16.3 de la Ley 39/2015 de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Documento firmado electrónicamente (Real Decreto 1671/2009) por La Agencia Estatal de Administración Tributaria, **con fecha 12 de Enero de 2018**. Autenticidad verificable mediante Código Seguro de Verificación **5RTPN345Z9MVEA7U** en [www.agenciatributaria.gob.es](http://www.agenciatributaria.gob.es).